

Ciclo de Literatura

FUNDACIÓN  LUIS SEOANE

LETRAS DE OUTONO

Coordinado por Javier Pintor

Durante as semanas do mes de novembro volta á Fundación Luis Seoane o ciclo de literatura Letras de Outono. Nesta ocasión os escritores convidados conversarán con xornalistas e especialistas sobre os libros a analizar. O ciclo terá lugar un día a semana durante todo o mes de novembro co seguinte calendario:

2 de novembro

CLAUDIA PIÑEIRO

conversa con **Ana Abelenda**, xornalista do diario La Voz de Galicia.

Claudia presenta "**Las maldiciones**" (Alfaguara, 2017), unha historia que pon a mirada nas perversións dos gobernantes e na lealdade e o amor verdadeiro.

9 de novembro

ANTONIO MERCERO

conversa con **José Manuel Sande** guionista e crítico de cinema.

"**El final del hombre**" (Alfaguara, 2017) é a novela que presenta Antonio Mercero; a primeira dunha serie de novela negra protagonizada por **Sofía Luna**.

14 de novembro

VÍCTOR DEL ÁRBOL

conversa **Mayte González Trillo**, xornalista de Radio Coruña Cadena Ser.

"**Por encima de la lluvia**" (Destino, 2017), é unha novela que narra dúas historias que falan sobre o verdadeiro sentido do amor, o valor das nosas lembranzas e a importancia da nosa experiencia.

20 de novembro

BELÉN GOPEGUI

conversa con **Xoán Abeleira**, escritor e tradutor.

"**Quédate este día y esta noche conmigo**" (Random House, 2017), é unha historia interxeneracional que diseña as relacións humanas e critica a desigualdade social e a deshumanización tecnolóxica.

30 de novembro

DAVID TRUEBA

conversa con **Javier Pintor**, coordinador do curso. "**Tierra de campos**" (Anagrama, 2017) conta unha historia na que o protagonista, Daniel, emprende unha viaxe nun coche fúnebre conducido por un chófer ecuatoriano, pintoresco e falandeiro, para enterrar ao seu pai na aldea onde nacera. Unha viaxe profunda, sensíbel e intensa na que se perciben as feridas do paso do tempo.

ENTRADA LIBRE ATA COMPLETAR AFORO

FUNDACIÓN LUIS SEOANE
Salón de actos da Fundación

www.fundacionluisseoane.gal
San Francisco, 27 – 15001 – A Coruña

Colabora:

GADIS